



O FUTURO DUN LEGADO  
O MUSEO DE GALICIA

# O FUTURO DUN LEGADO

## O MUSEO DE GALICIA

O rexurdir da idea dun Museo Nacional para Galicia conta con varios momentos ao longo dos séculos XIX e XX. O que deixou un pouso máis vivo no presente foi o protagonizado polo Seminario de Estudos Galegos. O primeiro e efectivo Museo de Galicia veu á luz da man deste proxecto determinante na construción da identidade galega e impulsor da modernización cultural e científica de Galicia.

No Pazo de Fonseca, en Santiago de Compostela, o SEG reuniu diversas coleccións. Hoxe, algunhas das pezas que as integraban están no Museo do Pobo Galego, institución que materializa a finais da década de 1970 a arelada entidade museística necesaria no proceso de recuperación da identidade cultural galega.

A cen anos do nacemento do SEG e o seu Museo, e a case cincuenta da apertura en San Domingos de Bonaval do Museo do Pobo Galego, queremos homenaxear o esforzo dos homes e mulleres que traballaron a prol da existencia deste lugar referencial onde atopar unha parte significativa do noso patrimonio cultural. Queremos sinalar algúns daqueles obxectos que o SEG reuniu no proceso de colleita, estudo e exhibición de materiais e datos da nosa cultura comunitaria e que, hoxe en día, fan parte dunha colección sobre a que se artella un proxecto de investigación, divulgación e acción cultural que quere coadruar ao coñecemento de Galicia e á garantía do seu (noso) futuro.

O itinerario proposto condúcenos por diversas pezas procedentes daquelas coleccións que o Seminario de Estudos Galegos tiña no seu Museo, incluíndo as maquetas de vivendas realizadas por Vicente Fernández Hermida e Xaquín Lorenzo Fernández, na actualidade na sala de arquitectura do Museo do Pobo Galego. Cada peza, cada documento deste percorrido chega até nós contendo o espírito daquel proxecto truncado pola Guerra Civil e a Ditadura. Son anacos da nosa Historia e tamén das historias de quen nos precedeu, testemuños dos logros dunha sociedade e, á vez, sementes da proxección desta no futuro.

## PLANTA BAIXA

Embarcacións  
(Publicacións)


Vela da Xeiteira  
(Audiovisual)

Fala gremial

Ferraxes

Xugos

Candís e farois



"Verbo"



## ENTREPLANTA

Espadela e espadaleiro

Fusos e rocas

Cacharros de Buño e Niñodagua

Aderezos

Coroza, pucho e bisarma

Zanfona



## PLANTA PRIMEIRA

Emigración  
(Publicación)

Escola  
(Publicación)

Maquetas de casas



## ANDAR DO CLAUSTRO

Audiovisual



1923 > 2023  
Centenario  
do Seminario  
de Estudos  
Galegos

# O FUTURO DUN LEGADO O MUSEO DE GALICIA

## **Realización e coordinación**

Equipo técnico do MPG

## **Comunicación**

Seispés Producións Creativas

## **Deseño e composición**

Juan Feáns

## **Audiovisuais**

Denís Estévez

Fran Rodríguez Casal

## **Colaboracións**

Antón Santamarina

Fundación Otero Pedrayo

## **Organiza**



**Museo do  
Pobo Galego**

## **Colaboran**



**XUNTA  
DE GALICIA**



**Deputación  
DA CORUÑA**



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**